



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias outubro 2021

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de outubro do ano 2021 acadou a cifra de 1.032.651 para o total do sistema, o que supón unha baixada respecto ao pasado mes de setembro de 2021 de 1.578 afiliacións (-0,15%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.690.590, rexistrando un aumento do 0,82% con respecto ao pasado mes de setembro.

Na comparativa interanual (outubro de 2021 con outubro de 2020) obsérvase un aumento de 20.633 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,04%) e un aumento do 3,69% (700.226 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de setembro de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en doce comunidades autónomas, destacando La Rioja (2,37%), Canarias (2,12%) e Comunitat Valenciana (2,02%). Pola contra, a maior diminución atopámola en Illes Balears (-5,26%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias e Comunitat Valenciana con taxas superiores ao 4,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.690.590	159.478	0,82	700.226	3,69
Galicia	1.032.651	-1.578	-0,15	20.633	2,04
Andalucía	3.195.300	36.376	1,15	119.733	3,89
Aragón	583.269	4.272	0,74	13.588	2,39
Asturias	368.117	1.593	0,43	5.961	1,65
Illes Balears	514.690	-28.569	-5,26	73.583	16,68
Canarias	814.364	16.876	2,12	33.302	4,26
Cantabria	222.951	-1.314	-0,59	4.789	2,20
Castilla La Mancha	739.056	-1.887	-0,25	25.924	3,64
Castilla y León	938.158	4.986	0,53	16.797	1,82
Cataluña	3.499.739	21.171	0,61	124.097	3,68
Comunitat Valenciana	1.986.284	39.411	2,02	76.716	4,02
Extremadura	404.155	-745	-0,18	9.671	2,45
Madrid	3.329.881	41.629	1,27	127.606	3,98
Murcia	612.106	6.533	1,08	20.416	3,45
Navarra	296.483	2.374	0,81	7.432	2,57
País Vasco	973.723	15.248	1,59	15.367	1,60
La Rioja	134.285	3.104	2,37	4.205	3,23
Ceuta e Melilla	45.378	-2	-0,01	406	0,90

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de setembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,67%, o que supón 11.543 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,87%), Lugo (1,46%) e, por último, Ourense (0,62%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de outubro con respecto ás do mes de setembro de 2021, rexistrouse en Galicia unha baixada do 0,15%. Só A Coruña presenta unha taxa de variación intermensual positiva (0,34%), mentres que o resto de provincias amosan datos negativos, sendo Ourense a que máis baixa (-0,62%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	443.079	1.494	0,34	11.543	2,67
LUGO	123.469	-395	-0,32	1.778	1,46
OURENSE	103.159	-643	-0,62	637	0,62
PONTEVEDRA	362.944	-2.034	-0,56	6.675	1,87
GALICIA	1.032.651	-1.578	-0,15	20.633	2,04
ESPAÑA	19.690.590	159.478	0,82	700.226	3,69


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,77% das afiliacións galegas en outubro de 2021, baixaron un 0,20% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,53%. En España estas taxas foron do 0,97% con respecto a setembro de 2021 e do 4,10% en relación ao mes de outubro de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,14%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (1,51%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,21%) a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,61%. Para este réxime e con respecto ao mes de setembro de 2021, baixan todas as provincias agás A Coruña, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,11%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (1,81%) e unha subida intermensual (0,13%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a outubro de 2020, caen todas as provincias, destacando A Coruña (-2,29%). A taxa galega acaba entón o -2,05%, sendo inferior á de España (-0,15%). Con respecto a setembro de 2021, A Coruña presenta un incremento do 5,88%, mentres que Lugo (-0,47%) e Pontevedra (-0,22%) presentan taxas negativas. A taxa galega amosa un aumento do 1,48% con respecto a setembro de 2021. A taxa nacional é do -1,92%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2021	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	443.079	0,34	2,67
LUGO	123.469	-0,32	1,46
OURENSE	103.159	-0,62	0,62
PONTEVEDRA	362.944	-0,56	1,87
GALICIA	1.032.651	-0,15	2,04
ESPAÑA	19.690.590	0,82	3,69
R. XERAL			
A CORUÑA	351.894	0,32	3,20
LUGO	89.075	-0,39	2,51
OURENSE	79.931	-0,73	0,97
PONTEVEDRA	282.172	-0,65	2,15
GALICIA	803.072	-0,20	2,53
ESPAÑA	16.302.669	0,97	4,10
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.206	0,03	0,93
LUGO	32.867	-0,13	-1,21
OURENSE	23.228	-0,24	-0,57
PONTEVEDRA	67.899	-0,23	1,51
GALICIA	209.200	-0,11	0,61
ESPAÑA	3.324.329	0,13	1,81
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.979	5,88	-2,29
LUGO	1.527	-0,47	-0,23
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.873	-0,22	-2,15
GALICIA	20.379	1,48	-2,05
ESPAÑA	62.551	-1,92	-0,15

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de outubro de 2021 en Galicia, había 8.431 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (non de forza maior, de forza maior ou do RDL 30/2020 e posteriores), 1.411 menos con respecto aos notificados no mes anterior (-14,34%). No total de España, o número de afectados por un ERTE a 31 de outubro é de 190.718, producíndose unha diminución de 48.512 respecto ao peche de setembro deste ano (-20,28%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	NOTIFICADOS A 31 DE OUTUBRO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	190.718	-48.512	-20,28
Galicia	8.431	-1.411	-14,34
Andalucía	24.632	-6.337	-20,46
Aragón	4.545	-71	-1,54
Asturias	3.233	-675	-17,27
Illes Balears	8.904	-6.721	-43,01
Canarias	21.694	-6.925	-24,20
Cantabria	1.964	8	0,41
Castilla La Mancha	3.973	-1.077	-21,33
Castilla y León	7.484	-2.574	-25,59
Cataluña	40.472	-7.477	-15,59
Comunitat Valenciana	13.082	-3.819	-22,60
Extremadura	2.047	-421	-17,06
Madrid	36.902	-8.290	-18,34
Murcia	2.209	-763	-25,67
Navarra	1.353	-491	-26,63
País Vasco	8.202	-1.289	-13,58
La Rioja	874	-101	-10,36
Ceuta e Melilla	717	-78	-9,81

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada neste último mes ten lugar en A Coruña (-15,56%) con 626 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIAS	NOTIFICADOS A 31 DE OUTUBRO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	3.398	-626	-15,56
LUGO	663	-169	-20,31
OURENSE	938	-255	-21,37
PONTEVEDRA	3.432	-361	-9,52
GALICIA	8.431	-1.411	-14,34

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>